

Proxecto de Decreto polo que se regula o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades públicas instrumentais

O artigo 27.Cinco do Estatuto de Autonomía de Galicia establece, como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, a materia das normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven da organización propia dos poderes públicos galegos.

Pola súa banda, o artigo 28.Un da dita norma atribúe á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza, do réxime xurídico da Administración pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece no seu artigo 13.b), como un dos dereitos das persoas, o de seren asistidas no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas administracións públicas.

O artigo 12 do dito texto legal describe a forma de desenvolvemento deste dereito; así, no seu apartado 1 sinala que as administracións públicas deberán garantir que os interesados poidan relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, poñendo á súa disposición as canles de acceso necesarias, así como os sistemas e aplicacións que en cada caso se determine.

Por outra banda, esta evolución da actuación administrativa non debe supoñer unha discriminación para aquelas persoas que polo seu nivel formativo, capacidade económica ou habilidades no uso das novas tecnoloxías, non están en disposición de poder relacionarse desta forma coas administracións públicas. Para paliar esta circunstancia o mesmo artigo, no seu número 2, establece que estas asistirán no uso de medios electrónicos aos interesados non incluídos nos números 2 e 3 do artigo 14, que regula os suxeitos obrigados a relacionarse de forma obrigatoria a través destes medios.

O apartado 3 do artigo 12 da referida Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que a Administración do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais manterán actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constará o persoal funcionario habilitado para realizar as funcións do parágrafo anterior, e que estes rexistros ou sistemas serán plenamente interoperables e estarán interconectados ao obxecto de comprobar a validez das habilitacións. Finalmente, dispón que no rexistro ou sistema equivalente constará, cando menos, o persoal funcionario que preste servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

O artigo 27 da devandita Lei 39/2015, do 1 de outubro, regula a validez e eficacia das copias realizadas polas administracións públicas, establecendo que estas poderán realizar copias auténticas mediante persoal funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada, e que se deberá manter

actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constará o persoal funcionario habilitado para a expedición de copias auténticas.

Seguindo o ronsel do establecido anteriormente, a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no seu artigo 77, crea o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado, que estenderá o seu ámbito de aplicación ao sector público autonómico e no que constará o persoal funcionario habilitado para a expedición de copias auténticas e a realización da identificación e da sinatura electrónica das persoas interesadas que non dispoñan dos medios electrónicos necesarios.

A mesma lei faise eco desta asistencia á cidadanía na utilización dos medios electrónicos, así no seu artigo 36 establece que as persoas interesadas que non dispoñan de medios electrónicos para a súa identificación e sinatura electrónica, poden solicitar que sexan realizadas por persoal funcionario público habilitado mediante o uso do sistema de sinatura electrónica da que estea dotado. En todo caso será necesario que, ademais de carecer dos medios electrónicos necesarios, presten o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

Pola súa banda, a disposición final quinta da dita Lei 4/2019, do 17 de xullo, habilita ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido nesta lei.

Este decreto consta de dez artigos e tres disposicións derradeiras.

Nos artigos 1 e 2 determínanse o obxecto e o ámbito de aplicación deste decreto, respectivamente.

O artigo 3 establece o órgano competente para a xestión do rexistro e o artigo 4 quen será o persoal funcionario que poderá inscribirse neste rexistro.

O artigo 5 regula os órganos competentes para a habilitación do persoal funcionario. O artigo 6 regula o procedemento de inscrición, modificación e baixa no rexistro.

O artigo 7 regula o contido do rexistro. O artigo 8 regula a identificación e sinatura electrónicas das persoas interesadas por parte do persoal funcionario habilitado, establecendo as persoas ás que se proporcionará esta asistencia, os trámites e actuacións que poderán realizarse, e o procedemento para o outorgamento do consentimento por parte dos cidadáns e cidadás que soliciten unha actuación ao persoal funcionario habilitado.

O artigo 9 contempla a interoperabilidade e interconexión do rexistro e finalmente, o artigo 10 regula a protección dos datos de carácter persoal.

Ademais, a disposición derradeira primeira determina o órgano competente para a aprobación e actualización dos modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado no decreto.

A disposición derradeira segunda determina a habilitación normativa e a disposición derradeira terceira a entrada en vigor da norma.

O decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia.

O decreto preséntase como unha iniciativa necesaria e eficaz, ao atoparse xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos, ser o instrumento máis axeitado para garantir a seguridade xurídica e evitar cargas administrativas innecesarias á cidadanía. Ademais, é eficiente ao non supoñer custo significativo, actuando de xeito proactivo, previndo conflitos e racionalizando, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Do mesmo xeito, este decreto formula a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir, cumprindo así co principio de proporcionalidade, mantendo a coherencia co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea. Así mesmo, garántese a seguridade xurídica posto que contribúe a xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certidume, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións da cidadanía, empresas e institucións.

Asemade, na tramitación desta norma respectouse o principio de transparencia, posibilitando que os potenciais destinatarios tivesen unha participación activa na elaboración da norma.

Finalmente, na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, entre os que cabe destacar a realización dunha consulta pública previa, o sometemento do proxecto ao trámite de información pública para a garantir a participación cidadá, así como a emisión dos informes preceptivos.

De conformidade co exposto, a proposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ...

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento do artigo 77 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, polo que se crea o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado.

2. En particular, régúlase o funcionamento e organización do Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado, o persoal funcionario habilitado e o procedemento de asistencia para a identificación e sinatura electrónica ás

persoas interesadas que non dispoñan dos citados medios, así como para a expedición de copias auténticas.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Este decreto será de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como ás entidades públicas instrumentais contempladas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Segundo o sinalado no apartado 77.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as restantes administracións públicas galegas poderanse adherir voluntariamente a este Rexistro mediante os correspondentes convenios de colaboración.

3. A Administración autonómica asistirá no uso de medios electrónicos as persoas interesadas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración que así o soliciten. Non obstante, excepcionalmente para determinados procedementos e servizos poderase ampliar a asistencia a aquelas persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración de conformidade co establecido nos números 2 e 3 dos artigos 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e no artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, sempre que o órgano competente, por causas xustificadas e motivadas, así o indique na Guía de procedementos e servizos segundo o sinalado no artigo 8.1.

Artigo 3. Xestión do Rexistro

O órgano de dirección competente en materia de emprego público será o encargado da xestión e gobernanza do Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado.

Artigo 4. Persoal inscrito no rexistro

Inscribirase no Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado o seguinte persoal:

a) O persoal funcionario habilitado en situación de servizo activo que realice funcións de atención aos cidadáns e cidadáns nas oficinas da Rede de Oficinas de atención á cidadanía e de rexistro, que estarán habilitados para a identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas naqueles trámites e procedementos que se determinen e para a expedición de copias auténticas electrónicas de calquera documento que estas presenten.

b) O persoal funcionario habilitado para a expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados, xa sexa en formato papel ou electrónico, conforme o disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

c) O persoal funcionario habilitado para a identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas naqueles trámites e procedementos que se determinen pola consellería ou entidade competente para a súa tramitación.

Artigo 5. Órganos competentes para efectuar as habilitacións

1. O órgano de dirección ao que corresponda a xestión do persoal de cada consellería ou entidade será o competente para a habilitación do persoal funcionario que preste servizos nas unidades dependentes dos mesmos para a identificación e sinatura electrónica.
2. O órgano competente para a habilitación do persoal funcionario na expedición de copias auténticas será aquel ao que corresponda a emisión, custodia ou arquivo dos documentos orixinais, así como aqueles outros órganos aos que se atribúa dita función nas súas normas de competencia.

Artigo 6. Procedemento de inscrición, modificación e baixa no rexistro

1. As anotacións de inscrición, modificación e baixa no rexistro do persoal funcionario habilitado que preste servizos na Rede de Oficinas de atención á cidadanía e de rexistro a que se refire a letra a) do artigo 4 realizarase de oficio polo órgano competente encargado da xestión do Rexistro.
2. As anotacións de inscrición, modificación e baixa no rexistro do persoal indicado nas letras b) e c) do artigo 4 realizarase electronicamente polos órganos competentes aos que se refire o artigo 5, utilizando o formulario electrónico que se porá á súa disposición seguindo o modelo do anexo II.
3. A habilitación estará vixente mentres no se produza un cambio de posto de traballo ou non se supriman os procedementos para os que alcanza a habilitación. Así mesmo, a habilitación poderá ser revogada en calquera momento polo órgano competente para a súa concesión.
4. Producida a anotación da habilitación do persoal funcionario, o rexistro xerará unha credencial na que se fará constar a súa identificación persoal e administrativa, os procedementos e servizos aos que alcanza a súa habilitación e a data de inicio da mesma.
5. A habilitación producirá efectos no momento da súa inscrición ou na data posterior que se indique a tal efecto.

Artigo 7. Contido do Rexistro

O Rexistro de Funcionarios Habilitados deberá proporcionar para cada persoa inscrita a seguinte información:

- a) Documento nacional de identidade.
- b) Nome e apelidos da funcionaria ou funcionario.
- c) Órgano ou entidade no que presta servizos e centro de destino identificados mediante o seu código de unidade identificado no Directorio Común de Unidades Orgánicas e Oficinas, indicándose o código de oficina no caso de persoal que presta servizos nas oficinas de atención á cidadanía e de rexistro.

d) Posto de traballo que desempeña, con indicación da denominación e o código da Relación de Postos de Traballo, de existir esta.

e) Data de alta no Rexistro.

g) Data de baixa no Rexistro, no seu caso.

h) Tipo de habilitación.

i) Procedementos e servizos para os que ten autorizada a habilitación, identificados mediante o código recollido no Inventario de Información Administrativa.

Artigo 8. Identificación e sinatura electrónicas das persoas interesadas por persoal funcionario habilitado

1. Na Guía de procedementos e servizos, consonte co requirido no artigo 77.7 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, constará a indicación dos procedementos e servizos que se poderán tramitar mediante persoal funcionario habilitado.

2. A persoa interesada que solicite a asistencia por persoal funcionario habilitado no uso de medios electrónicos, comparecerá ante calquera Oficina de atención á cidadanía e rexistro, ou, cando así se estableza, ante o órgano ou unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento no que resulte afectado, e expresará a súa vontade de ser identificado/a e representado/a por persoal funcionario habilitado, debendo para iso presentar o documento nacional de identidade ou, cando fose estranxeiro, o NIE, documento de identificación de identidade no seu país de orixe, ou o pasaporte.

Igualmente deberá consentir expresamente a súa identificación e sinatura electrónica por persoal funcionario habilitado na actuación ou trámite que estableza. Para iso deberá cubrir e asinar o formulario que figura como anexo I a este decreto, que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e nas Oficinas de atención á cidadanía e rexistro ou recoller o seu consentimento por calquera outro medio que deixe constancia contrastable deste.

3. Finalizada a actividade realizada o persoal funcionario habilitado, entregará ao particular toda a documentación referida ao trámite ou xestión realizado e unha copia do documento de consentimento expreso cuberto e asinado.

4. Estes documentos conservaranse na oficina de Rexistro ou naqueloutra na que se prestou o servizo solicitado polo particular, como proba da actuación realizada e do consentimento para facela efectiva.

5. O persoal habilitado non terá responsabilidade ningunha nin do contido da documentación achegada polas persoas interesados nin da veracidade do que estas declaren nin do cumprimento dos requisitos esixidos en cada unha das solicitudes ou documentos achegados.

Artigo 9. Interoperabilidade e interconexión

1. Para facilitar a xestión administrativa das unidades, o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado integrárase ou estará interconectado con outras aplicacións operativas da Administración autonómica. Por esa razón, as persoas responsables dos órganos ou das unidades administrativas dos procedementos en cuxa xestión interveña un/unha funcionario/a habilitado/a, poderán solicitar o acceso á información contida no Rexistro, co obxecto de comprobar a vixencia e alcance da habilitación.

2. De igual forma, o Rexistro será interoperable garantíndose a interconexión con outros rexistros da mesma natureza dependentes de calquera Administración pública, conforme ao artigo 12.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 10. *Protección de Datos de Carácter Persoal*

1. Os tratamentos de datos de carácter persoal someteranse ás esixencias da normativa actual en materia de protección de datos persoais, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) aprobadas polo Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

Disposición derradeira primeira. *Actualización de modelos normalizados*

A consellería competente en materia de emprego público será o órgano competente para a aprobación e actualización dos modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado no presente decreto. Unha vez aprobados será suficiente a súa publicación na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas. No obstante, en virtude do presente decreto apróbanse os modelos iniciais normalizados recollidos nos Anexos I e II.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de emprego público para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Consentimento expreso para a súa identificación, e no seu caso de sinatura electrónica por medio dunha/dun funcionaria/o pública/o habilitada/o	AA000A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO				

ACTUACIÓNS

PROCEDEMENTO OU TRÁMITE	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública.
Finalidades do tratamento	Asistencia no uso de medios electrónicos ás persoas interesadas.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, en particular na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias e en particular a unidade ou órgano administrativo responsable da actuación para a que se outorga o consentimento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar do responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en



	https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas Boletín Oficial del Estado número 236, do 2 de outubro

Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia Diario Oficial de Galicia número 141, do 26 de xullo.

Decreto do __ de _____ de ____ polo que se regula o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades públicas instrumentais [(código de procedemento XXXXXX)] [(Diario Oficial de Galicia número xx, do xx de xxx)]

A persoa solicitante consinte que a súa identificación e sinatura electrónica para a realización das actuacións indicadas sexa realizada por un/unha funcionario/a público/a mediante o uso do sistema de firma electrónica, de acordo co establecido no parágrafo segundo do número 2 do artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

Dirección Xeral

Secretaría Xeral _____

Axencia ?????

(Pé de páxina para un procedemento dirixido ás delegacións)

**Xefatura Territorial da Consellería de [NOME
CONSELLERÍA] de _____**

[Combo delegación]

ANEXO II

Alta, modificación ou baixa no Rexistro de Funcionarios Habilitados

DATOS DO ÓRGANO OU ENTIDADE

Órgano ou entidade	
Código DIR3	
Centro de destino	
Código DIR3 ou DIROF	
Titular do órgano competente para efectuar a habilitación	

DATOS DO FUNCIONARIO OU FUNCIONARIA HABILITADO	
DNI	
Nome e apelidos	
Código do Posto de traballo	
Denominación do posto de traballo	

INFORMACIÓN PARA AS ALTAS OU MODIFICACIÓNS NO REXISTRO	
Data de alta	
Data de baixa	
Tipo de habilitación:	
Emisión de copias auténticas	
Identificación e sinatura das persoas interesadas	Procedementos e servizos para os que ten autorizada a habilitación:

INFORMACIÓN PARA AS BAIXAS NO REXISTRO	
Data de baixa	

SINATURA DO TITULAR DO ÓRGANO COMPETENTE	
Lugar e data	
	, de de